

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS (BUEU)

CURSO: 4º ESO

MATERIA: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. | TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. |
| B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características. | TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. |
| B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. |
| B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. | TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. |
| B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede. | TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. |
| B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable. | TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. |
| B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web. | TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. |
| B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. | TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. |
| B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. | TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. |
| B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. | TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. |
| B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. | TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. |
| B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. | TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. |

B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.

TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.

Considéranse imprescindibles os estándares e competencias que constitúen a base fundamental de progreso en niveis académicos posteriores ou aqueles que, a criterio docente, proporcionan ferramentas de razoamento crítico de carácter xeral que afondan nunha aprendizaxe significativa.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

PROCEDEMENTO DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Segundo se recolle na programación da materia para o curso 2019/2020, valorando cos instrumentos correspondentes a cada categoría o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, establécense un procedemento xeral que permite cuantificar a adquisición das novas competencias:

Nota avaliación

$$= 60\% (\text{Exames} + \text{Proxectos}) + 30\% \text{Traballos} + 10\% \text{Actitude e comportamento}$$

- Serán positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5. Tendo en conta o redondeo decimal de $\geq 0,5$ a 1.
- A cualificación media das probas escritas e do proxecto tecnolóxico (que terá en conta a memoria e mailo obxecto creado), estará comprendida entre 1 e 10 e será necesario acadar como mínimo dunha nota de 3,5 en cada unha delas para facer media aritmética co resto das probas realizadas nesa avaliación.
- A cualificación obtida para cada unha das entregas terá unha valoración que, explicitamente, valorará aspectos coma o contido, a claridade e a presentación, penalizando 0,10 puntos o incumprimento da entrega.
- A actitude avaliarase segundo as táboas de observación, corrixida por un sistema de penalización por condutas non apropiadas baseada en negativos, de tal xeito que cada un destes penaliza 0,10 puntos.

PROCEDEMENTO DA SEGUNDA AVALIACIÓN

Considéranse produtos avaliábeis todos aqueles que fosen desenvolvidos con anterioridade á suspensión das actividades lectivas presenciais o día 13/03/2020.

Detémínase que existen elementos avaliábeis abondo para cuantificar a aprendizaxe do alumnado, sendo a única modificación a redución a 3 puntos da nota mínima ante a imposibilidade de facer máis probas escritas baixo criterios de igualdade. Porén, o procedemento é análogo ao da anterior avaliación:

Nota avaliación

$$= 60\% ((\text{Exames} + \text{Proxectos}) + \text{Bonificación}) + 30\% \text{Traballos} + 10\% \text{Actitude e comportamento}$$

A bonificación de máximo 1 punto sobre a nota media do bloque de Exames e proxectos corresponde á valoración do traballo desenvolvido ata o 13/03/2020 no proxecto inconcluso “Elabora a túa páxina web” antes da suspensión da actividade lectiva presencial.

PROCEDEMENTO DA TERCEIRA AVALIACIÓN

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das

actividades realizadas na fase non presencial terá un valor positivo para a cualificación do alumnado.

Nota avaliación = 80%Entregas + 20% Participación e responsabilidade

RECUPERACIÓN ORDINARIA DE AVALIACIÓNS

Ao finalizar cada unidade, informarase ao alumnado dos aspectos negativos da súa avaliación, se é o caso, indicándoselles como os deberan superar.

O sistema de recuperación proposto dependerá do tipo de estándares de aprendizaxe non superados e, por mor da suspensión da actividade lectiva presencial, a avaliación positiva terá lugar a través da correcta entrega das actividades deseñadas para tal fin ao longo da terceira avaliación e que poden ser específicas para este alumnado ou tamén permitir o reforzo de contidos no conxunto do grupo.

En calquera caso, informarase ao alumnado con anterioridade das tarefas específicas que permiten a recuperación das avaliacións non superadas.

Instrumentos

Os obxectos que se obteñen coma resultado das actividades deseñadas para esta programación permiten facer un seguimento polo miúdo do proceso de aprendizaxe das competencias que se avalían. Considéranse principalmente estes instrumentos de traballo para a avaliación:

- Probas escritas
Conxunto de cuestións teóricas e problemas, obxectivos (preguntas concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno/a escolla, sinala ou complete), abertas (con preguntas ou temas nas que o alumno/a constrúe as respostas), de interpretación de datos (imaxes, pezas, esquemas eléctricos, etc., seguido dunha serie de preguntas relativas a súa interpretación). Para garantir a probidade do proceso e a igualdade de oportunidades, prescínlese deste instrumento na terceira avaliación en tanto non se recupere a actividade lectiva presencial.
- Rúbricas de traballo
Os proxectos de tipo práctico que se desenvolven ao longo do curso supoñen a entrega dunha documentación acreditativa, valorada sobre rúbricas específicas. Entre outras, contémplanse as seguintes casuísticas:
 - Traballos de aplicación, síntese ou investigación.
 - Prácticas no taller ou informáticas (empregando software específico).
- Táboas de observación
Outros aspectos avaliábeis de carácter puntual, pero que pola definición do seu traballo non xeran un produto entregable *per se*, serán avaliados mediante o emprego de táboas de observación. Esta información avaliará principalmente a actitude e comportamento:
 - Participar activamente durante a clase en calquera das súas modalidades, ben presencial ou ben telemática (preguntar dúbidas, prestar atención, recoller as explicacións no caderno, realizar as tarefas, etc.).
 - Respetar as normas de convivencia e a aprendizaxe dos compañeiros.

| | |
|---|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> ○ Entregar as tarefas con puntualidade. ○ Responsabilizarse do traballo a desenvolver telematicamente a través da consulta periódica das plataformas de traballo habilitadas polo centro. |
| Cualificación final | <p>A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considera en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p> <p style="text-align: center;"><i>Cualificación final</i> = Promedio (1ª avaliación + 2ª avaliación) + Bonificación (3ª avaliación)</p> <p>A bonificación da terceira avaliación permitirá sumar 1 punto por cada diferenza de 1 punto respecto á nota media resultante da 1ª e 2ª avaliación.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>O alumnado que, como resultado da avaliación final ordinaria, obtivese cualificación negativa realizará unha proba extraordinaria no mes de setembro. O alumnado superará esta proba cando superen os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles definidos na programación.</p> <p>Debido ao carácter extraordinario da proba, asignarase unha cualificación equivalente á puntuación obtida nesa proba, independentemente dos resultados obtidos ao longo do curso (de 0 a 10 puntos, aproximando por redondeo).</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación</p> <p>Por mor das circunstancias derivadas da pandemia COVID-19, modifícase parcialmente e con carácter xeral o sistema de avaliación para alumnado con materia pendente ante a imposibilidade de realizar unha proba escrita.</p> <p>Segundo se recolle na programación didáctica, óptase pola denominada Opción A reducindo o traballo requirido, polos motivos anteriormente expostos, a un conxunto de tarefas con carácter global que abranguen todos os estándares e competencias imprescindibles.</p> <p>A non realización, a entrega fóra de prazo, ou o incumprimento do esixido, suporá a non superación da materia.</p> <p>Os criterios explicados non aplican especificamente nesta materia posto que no presente curso académico non se rexistra alumnado de materia pendente.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación</p> <p>En calquera caso, a cualificación máxima da materia será de 5 puntos, para o que cómpre completar correctamente o 50% das tarefas descritas no apartado anterior.</p> <p>Os criterios explicados non aplican especificamente nesta materia posto que no</p> |

| | |
|--|--|
| | <p>presente curso académico non se rexistra alumnado de materia pendente.</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación</p> <p>Empregarase coma canle de comunicación preferente as plataformas de docencia telemática do centro, a través da cal proporcionarase todo o material e información que poida ser relevante para a realización das tarefas designadas.</p> <p>Pola adaptación do proceso de avaliación anteriormente descrito, recoñécese un único instrumento de avaliación na entrega das tarefas designadas, de tal xeito que este compute ao 100%.</p> <p>Os procedementos explicados non aplican especificamente nesta materia posto que no presente curso académico non se rexistra alumnado de materia pendente.</p> |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | <p>Proposta de tarefas semanais e quincenais por videoconferencias para explicación das mesmas e aclaración de dúbidas. Contacto continuo con todo o alumnado a través das plataformas de docencia telemática proporcionadas polo centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo: Creación dun podcast histórico Ampliación • Práctica: Edición de imaxe – Creación dun meme Ampliación • Práctica: Edición de imaxe – Confección dun álbum de cromos Ampliación • Traballo: Edición de imaxe – Recuperación de fotografías antigas Ampliación • Práctica: Follas de cálculo Recuperación + Repaso + Reforzo • Práctica: Reparación de ordenadores portátiles Recuperación + Repaso + Reforzo |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Proposta de tarefas semanais e quincenais e videoconferencias para explicación das mesmas e aclaración de dúbidas. Contacto continuo con todo o alumnado a través das plataformas proporcionadas polo centro e o correo electrónico.</p> <p>Todo o alumnado ten conectividade (dous deles contan cos equipos e conexión a Internet cedidos pola Xunta).</p> |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos, vídeos e guións facilitados polo profesor. • Equipo informático con conexión Internet. tarefas semanais e quincenais |

| 4. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Difusión da presente adaptación da programación didáctica a través das plataformas de docencia telemática empregadas polo centro. Anuncio das medidas adoptadas ao alumnado durante as sesións de videoconferencia e/ou de correo electrónico. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |